



### XUNTA DE GALICIA

#### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

##### Anuncio

**Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto PARQUE EÓLICO OUROL (EXP. LU-11/145-EOL) Beneficiaria: Greenalia Wind Power Ourol, S.L.U.**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

PARQUE EÓLICO OUROL LU-11/145-EOL			
CONCELLO	DÍA	HORA	PREDIO
Ourol	26/10/2022	09:30	30,31,35,39,81,134,135,137,140,141,143,205,232
		10:30	136
		11:00	67,68,69
		12:00	82,83,118,119,
	27/10/2022	09:30	156,169,174,178,189,199,200,211
		11:00	183
11:30		257	

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advírteselles que os pagamentos realizaránse nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 21 de xullo de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2105

##### Anuncio

**Resolución do 15 de xullo de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública o proxecto construtivo, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental para o recrecido do depósito de lodos vermellos, situado no termo municipal de Xove, na provincia de Lugo e promovido por Alúmina Española, S.A.**

En cumprimento do disposto no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, e no artigo 6 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto construtivo, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental do recrecido do depósito de lodos vermellos a cota 104, situado no termo municipal de Xove, na provincia de Lugo, de titularidade de Alúmina Española, SA.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o plan de restauración e

o estudo de impacto ambiental atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo, e no portal web da dita Consellería:

(<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>).

As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao xefe territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 15 de xullo de 2022.- O xefe territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2134

## CONCELLOS

### CERVO

#### Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 22 de xuño de 2022, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 16/2022, vía suplemento de crédito núm. 1/2022, dentro do vixente Presuposto Municipal, por non presentarse reclamacións contra os mesmos, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación prevision	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.658.768,99	0,00	2.658.768,99
2	Impostos indirectos	14.791,24	0,00	14.791,24
3	Taxas e outros ingresos	2.219.392,44	0,00	2.219.392,44
4	Transferencias corrientes	1.638.904,18	0,00	1.638.904,18
5	Ingresos patrimoniais	4.906,20	0,00	4.906,20
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	949.046,06	0,00	949.046,06
8	Activos financeiros	1.863.801,95	250.058,73	2.113.860,68
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	9.349.611,06	250.058,73	9.599.669,79

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación prevision	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	3.200.664,01	0,00	3.200.664,01
2	Gastos bens crtes e servizos	2.144.060,02	0,00	2.144.060,02
3	Gastos financeiros	12.000,00	0,00	12.000,00
4	Transferencias corrientes	345.100,00	0,00	345.100,00
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00

6	Investimentos reais	3.285.136,23	250.058,73	3.535.194,96
7	Transferencias capital	27.371,93	0,00	27.371,93
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	221.706,79	0,00	221.706,79
	TOTAL	9.236.038,98	250.058,73	9.486.097,71

Cervo, 21 de xullo de 2022.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2106

### Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 22 de xuño de 2022, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 17/2022, vía crédito extraordinario núm. 3/2022, dentro do vixente Presuposto Municipal, por non presentarse reclamacións contra os mesmos, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación prevision	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.658.768,99	0,00	2.658.768,99
2	Impostos indirectos	14.791,24	0,00	14.791,24
3	Taxas e outros ingresos	2.219.392,44	0,00	2.219.392,44
4	Transferencias corrientes	1.638.904,18	0,00	1.638.904,18
5	Ingresos patrimoniais	4.906,20	0,00	4.906,20
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	949.046,06	0,00	949.046,06
8	Activos financeiros	2.113.860,68	141.852,47	2.255.713,15
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	9.599.669,79	141.852,47	9.741.522,26

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación prevision	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	3.200.664,01	0,00	3.200.664,01
2	Gastos bens crtes e servizos	2.144.060,02	0,00	2.144.060,02
3	Gastos financeiros	12.000,00	0,00	12.000,00
4	Transferencias corrientes	345.100,00	0,00	345.100,00
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00

6	Investimentos reais	3.535.194,96	141.852,47	3.677.047,43
7	Transferencias capital	27.371,93	0,00	27.371,93
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	221.706,79	0,00	221.706,79
	TOTAL	9.486.097,71	141.852,47	9.627.950,18

Cervo, 21 de xullo de 2022.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2107

### *Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 28 de xullo de 2022 a modificación da Ordenanza Fiscal número 36, reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Escola Infantil municipal de Cervo, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, anúnciase a exposición ó público no tablón de anuncios do Concello durante 30 días, ó fin de que os interesados poidan examinala e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser dirixidas ó Alcalde-Presidente desta Corporación.

Cervo, 28 de xullo de 2022.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2151

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 1º trimestre do ano 2022 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao primeiro trimestre do 2.022, terá lugar dende o días 26/07/2022 ao 26/09/2022 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.
- Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 20 de xullo de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2108

## GUNTÍN

### Anuncio

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 70 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, unha vez inscrita no Rexistro de Planeamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda por Resolución de data 08/07/2022 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, faise pública a normativa e ordenanza da redelimitación do núcleo rural de A Veiga, parroquia de Pradeda, municipio de Guntín (Lugo), aprobada provisionalmente por acordo plenario de data 23/12/2021 e definitivamente pola Consellería citada con data 15 de Xuño de 2022 (DOG nº 126 do 04/07/2022) sendo como seguen:

#### **ORDENANZA E NORMATIVA:**

##### **A/- ORDENANZA:**

##### **1.-Normativa**

##### **1.1- ORDENANZAS DE EDIFICACIÓN**

As ordenanzas establecidas para o núcleo rural de A Veiga, en termos de uso, volume e condición hixiénico-sanitarias dos terreos e construcións, así como das súas características tipolóxicas, estéticas e construtivas parten das reflexadas no Plan Básico Autonómico, no capítulo VIII e capítulo IX do documento de Normativa e ordenanzas tipo deste.

Nel distínguense non se realizada diferenciación de ordenanzas, e englobase todo dentro da: Ordenanza reguladora do solo de núcleo rural tradicional, as cales se expoñen a continuación:

##### **ORDENANZA REGULADORA DO SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL**

##### **SECCION 1ª. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

##### **Artigo 1. Ámbito de aplicación**

1. Serán delimitadas como solo de núcleo rural tradicional as áreas que reúnan os requisitos de solo de núcleo rural segundo o artigo 33 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e cumpran as condicións para seren categorizadas como tradicional segundo o artigo 34.1.a) deste. 2. Esta ordenanza aplicarase tamén de xeito subsidiario ás delimitacións de núcleo rural sen asignación de ordenanza, que presenten un grao de consolidación maior do 50 %.

##### **SECCION 2ª. USOS**

##### **Artigo 2. Usos**

1. Uso principal: residencial unifamiliar.

2. Usos complementarios, compatibles ou alternativos:

a) Considéranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.

b) Comercial: 1ª. Local comercial compatible co uso vivenda.

Son aquelas actividades comerciais compatibles co uso de vivenda en zonas urbanas ou de núcleo rural, admitíndose dentro da mesma edificación.

c) Oficinas.

d) Recreativo: 1ª. Ocio compatible co uso residencial

e) Hoteleiro.

f) Produtivo: 1ª. Industrial compatible residencial.

Son aquelas actividades industriais compatibles co uso de vivenda dentro da mesma edificación ou terreo, sendo este o uso característico en zonas urbanas ou de núcleo rural.

g) Almacén: 1ª. Pequeno almacén.

Aquel que polo volume edificado é compatible con outros usos. A superficie máxima non poderá exceder os 350 m<sup>2</sup>. En todo caso, atenderán ás disposicións da normativa contra incendios en canto á carga de lume e regulamentacións sectoriais.

h) Servizos urbanos: 1ª. Servizos urbanos compatibles co uso residencial.

Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, captación, almacenamento, tratamento, abastecemento de auga

e saneamento, e demais servizos esenciais ou de interese xeral, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

i) Espazos libres e zonas verdes.

j) Sanitario-asistencial.

k) Educativo.

l) Cultural.

ll) Deportivo.

m) Administrativo-institucional.

n) Servizos públicos:, 1ª. Cemiterios, só no caso de ampliación de cemiterios existentes, 2ª.

Outros servizos públicos.

Servizos públicos:, 1ª. Cemiterios.

Son aquelas instalacións con servizo de enterramento, que tamén poden ofrecer servizos relixiosos.

Permítese a presenza de elementos doutros usos relacionados como o relixioso, así como actividades complementarias da actividade funeraria, neste caso sempre que a normativa sectorial o permita, como é o caso dos crematorios. Deberán contar con 10 prazas de aparcadoiro por cada 2.000 m<sup>2</sup> de superficie, cun mínimo de 25 prazas de aparcadoiro para os novos espazos destinados a este uso. Nos cemiterios existentes será suficiente que incorporen o maior número de prazas ao espazo dispoñible para facilitar o cumprimento do estándar.

Categoría 2ª: outros servizos públicos.

Os novos edificios incluídos nesta categoría, deberán contar coas dotacións de aparcadoiro dunha praza por cada 100 m<sup>2</sup> de superficie. As pequenas edificacións dotacionais de menos de 100 m<sup>2</sup> non comportarán obrigatoriamente a creación de prazas de estacionamento, agás que o propio proxecto de construción ou de actuación sobre elas considere oportuno que dispoñan destas.

Os mercados de abastos e centros de comercio básico disporán por cada 10 postos de venda, e dentro do local, parcela ou área comercial, dunha zona de carga e descarga de mercadorías, cunha altura libre adecuada aos vehículos de transporte que correspondan cun mínimo de 3,00 metros de altura e unha dimensión mínima de 8x4 metros en planta, que se disporá de tal forma que permita as operacións de carga e descarga simultaneamente en cada unha delas, sen entorpecer o acceso de vehículos.

En todas as instalacións con permanencia de persoas deberán establecerse servizos de aseos, en proporción adecuada ao número e con diferenciación de sexos, segundo as disposicións laborais e as de acceso ao público establecidas para o uso comercio.

3. Usos prohibidos: todos os demais.

4. A lexislación de estradas reconece como treitos urbanos nos solos de núcleo rural, aquelas zonas que fosen recoñecidas como tal vía informe no instrumento de planeamento, ou vía expediente de delimitación específico. Neses casos para a determinación dos usos permitidos na zona de dominio público deberase cumprir a lexislación sectorial en materia de estradas.

### SECCION 3ª. CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN

#### Artigo 3. Tipoloxías edificatorias

1. Vivenda unifamiliar en edificación illada ou acaroada. Só se permitirá unha única vivenda por parcela.

2. As construcións destinadas a albergar os usos compatibles procurarán manter as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións do lugar.

3. As edificacións colindantes poderán acaroarse cando se presenten en proxecto unitario, ou cando exista acordo documental rexistrado entre ambas as dúas propiedades.

Será obrigatorio acaroarse en todos os casos que exista edificación colindante que presente medianeira no linde, estando conforme á aliñación. De existir medianeira nos dous lindeiros, a edificación levantarase entre ambas as medianeiras en tanto sexa permitido pola edificabilidade máxima. Se isto non fose xustificadamente posible, acaroarase polo menos a un dos lindantes coa construción principal, podendo situar na outra medianeira as construcións auxiliares. De non ser posible, utilizaranse técnicas de xardinaría e paisaxismo para mitigar os efectos da medianeira sobre a nova construción, en particular, e sobre o asentamento, en xeral.

Co obxecto de garantir a salvagarda do patrimonio vernáculo aínda existente no núcleo, e cara unha axeitada integración das novas edificacións, así como das intervencións sobre as existentes, deberá priorizarse a rehabilitación das edificacións tradicionais fronte á nova construción, procurando manter nelas aqueles elementos característicos da tipoloxía do lugar, sistemas construtivos e elementos singulares que aínda se conserven; no caso de edificacións tradicionais en ruínas ou nas que soamente se amosa parte delas, procurarse a reciclaxe destas preexistencias e a súa incorporación na novas edificacións, facilitando a integración ambiental da mesmas.

Nas novas edificacións ou nas intervencións sobre as existentes evitarase o emprego de linguaxes miméticas ou historicistas.

#### Artigo 4. Ocupación

1. En configuracións illadas ou acaroadas, a ocupación non poderá superar o 30 % da parcela neta.
2. A ocupación máxima en superficie será de 300 m<sup>2</sup> e non poderá exceder os 200 m<sup>2</sup> en planta para vivenda, de tal forma que se estea obrigado a repartir o volume total edificado en varias partes. No caso de parcelas cunha superficie menor cá mínima sinalada, a ocupación poderá superar a porcentaxe de ocupación indicada, sen poder superar a ocupación máxima.

#### Artigo 5. Edificabilidade

Será de 0,40 m<sup>2</sup> de superficie edificable, por cada m<sup>2</sup> de parcela bruta.

#### Artigo 6. Parcela mínima

Será a existente, sempre que permita unha edificación axustada ao resto das condicións urbanísticas aplicables. Para efectos de parcelación ou normalización dos predios, a superficie mínima será de 1.100m<sup>2</sup>.

#### Artigo 7. Fronte mínima de parcela

A existente sempre que permita a edificación dunha vivenda axustada ás condicións de habitabilidade vixentes. Porén, no caso de parcelación ou normalización de predios, será de 15 metros.

#### Artigo 8. Recuamentos

1. As novas edificacións recuaranse obrigatoriamente 3 metros de todos os lindeiros, agás no caso en que exista unha medianeira nun lindeiro lateral, á que será obrigado acaroarse.
2. En calquera caso, respectarase un recuamento mínimo de 6 metros do eixe da vía.
3. No caso dunha nova edificación que forme parella con outra xa edificada baixo a obriga de ocultar parede medianeira, a nova edificación deberá adoptar o mesmo recuamento á aliñación que a existente, de xeito que as dúas fachadas se integren nun volume común.

#### Artigo 9. Fondo edificable

Non se regula.

#### Artigo 10. Número de plantas

1. O número de plantas será de baixo e andar, con posibilidade de ocupación baixo cuberta dentro da edificabilidade permitida.
2. A altura máxima será de 7 metros, medidos desde a rasante da rúa, no punto medio da fachada; tal medida non poderá ser sobrepasada en máis dun metro en ningún punto da dita fachada.
3. En parcelas cunha pendente do terreo perpendicular á aliñación superior ao 20 %, será necesaria a realización dun estudo de detalle para adaptar as alturas en función da cota do terreo máis desfavorable.

Neste caso, a altura medirase desde a rasante natural do terreo e admitirase o desdoblamento da edificación para adecuar cada un dos volumes ás cotas de referencia de cada un deles.

#### Artigo 11. Sotos e semisotos

Admítense sotos e semisotos coas condicións sinaladas no anexo I do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro. A realización de plantas soterradas en parte será recomendable para conseguir a integración da edificación en terreos en pendente e, por conseguinte, evitar os desmontes innecesarios.

Atenderase en cada caso concreto ao impacto que a súa execución poida causar na morfoloxía do núcleo.

#### Artigo 12. Cuberta

Como norma xeral, as cubertas deberán adaptarse na súa configuración básica ás existentes e predominantes de cada zona xeográfica, en virtude de factores como a climatoloxía, a tradición construtiva, a evolución das técnicas construtivas e mesmo a busca da sustentabilidade ambiental.

A cuberta poderá ser plana ou construída mediante planos inclinados, en cuxo caso os faldróns arrincarán desde a altura máxima en liña de fachada ou patio, cunha inclinación non superior a 30° sesaxesimais e non poderán exceder a altura da cumieira en máis de 3,6 metros desde a cara superior do último forxado.

Non se permitirán en ningún caso crebas na pendente de ningún dos faldróns.

#### Artigo 13. Corpos voados

Permítense, sempre que sexan un elemento usual do asentamento ou harmonicen co medio no que se insiren.

#### Artigo 14. Chafráns

Non se exigen.

#### Artigo 15. Entrantes e saíntes do plano de fachadas

Estes elementos integraranse na contorna evitando, en todo caso, as cores rechamantes e os acabados brillantes. Recoméndase o emprego da Guía de cores e materiais elaborada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Atenderase en cada caso concreto ao impacto que a súa execución poida causar na morfoloxía do núcleo, tendo en conta a sinxeleza que caracteriza aos volumes da arquitectura tradicional galega. Se ben se considera axeitado intervir con solucións e linguaxes contemporáneas, as intervencións haberán de formularse baixo criterios de integración e harmonía coa tipoloxía tradicional do lugar.

#### SECCION 4ª. CONDICIÓNS PARTICULARES

#### Artigo 16. Edificacións auxiliares e peches

1. Serán exclusivamente de planta baixa, cunha altura máxima de cornixa non superior a 2,50 m, e absoluta ata o cumio non superior a 4,00 m; ambos os dous parámetros considerados respecto de calquera punto das rasantes perimetrais da propia edificación adxectiva, cunha ocupación máxima de ata un 10 % da parcela neta e un límite de 50 m<sup>2</sup>.

2. As edificacións auxiliares poderán situarse illadas, ou en contacto co peche de lindeiro, sempre que non estea clasificado como solo rústico. Neste caso, deberá recuarse 3,00 metros sobre o linde.

Así mesmo, presentarán un nivel de acabado congruente co das edificacións ás que dean servizo, harmonizando con aquelas no relativo a materiais, así como no tratamento de paramentos, cubertas e elementos en ocios de fachada.

No referido ós peches, con carácter xeral, permítese a construción de elementos de peche dos predios que deberán harmonizar cos peches existentes na contorna. Teranse en conta os exemplos e criterios recollidos na Guía de caracterización e integración paisaxística de valados, en particular, para as actuacións en solo rústico e núcleos rurais.

No caso de rúeiros tradicionais manteranse as aliñacións existentes, así como os elementos de interese que configuran as ditas aliñacións (edificacións tradicionais, muros e valos tradicionais ou outros elementos de interese etnolóxico como hórreos, muíños, canles, fontes, cómaros, noiros, arboredo autóctono, etc...).

Procurarase non afectar a estes elementos de interese, mais de ser imprescindible, no caso da afectación aos muros, efectuarase a súa reconstrución na liña fixada, reproducindo as características e técnicas da construción orixinal, e reutilizando na medida do posible as pezas orixinais.

#### Artigo 17. Condicións para a implantación de infraestruturas de servizos

En núcleos rurais as novas redes de servizo, tales como as de abastecemento de auga, saneamento, electricidade, iluminación, telecomunicacións ou gas, deseñaranse e executaranse de tal xeito que se minimicen as afectacións aos elementos naturais ou construídos que caracterizan a paisaxe dos núcleos rurais e a súa contorna funcional inmediata. Para tal fin:

- a) Evitarase, sempre que sexa posible, a destrución de muros, sebes ou pavimentos tradicionais.
- b) As novas liñas de electricidade e telecomunicacións serán soterradas,
- c) Nas rehabilitacións e nas actuacións integrais sobre as fachadas de edificios existentes eliminaranse os tendidos vistos de instalacións.

No tocante ós puntos b) e c), e no relativo as redes de telecomunicacións, tan só se limitarán os novos

despregues soterrados no caso concreto e xustificado de edificacións do patrimonio histórico-artístico, sen perxuízo de que o Concello garante a dispoñibilidade de canalización e outros recursos necesarios para despregar as redes en condicións viables dende o punto de vista técnico e económico (art. 34.5 de la LGTEL). Así mesmo, a imposición recollida no punto c) para as redes de telecomunicacións non será esixida agás co previo acordo co operador de telecomunicacións propietario da infraestrutura.

d) Os elementos tales como caixas de distribución, conexión, derivación ou manobra deberán situarse en lugares discretos, e o seu deseño, material e cor escollerase de tal xeito que se minimize o seu impacto visual.

No relativo ás redes de telecomunicacións, os operadores poderán empregar outras solucións máis axeitadas xustificadas por razóns de viabilidade técnica e económica.

e) O deseño das luminarias para o alumeadado público adaptarase ás características de cada lugar, evitando modelos propios de vías urbanas e de estradas.



Para a concesión de licenza municipal de obras, os proxectos de construcións a realizar no núcleo rural de A Veiga, ademais de resolver no proxecto os servizos necesarios de abastecemento e depuración, deberán incluír a documentación coa respectiva concesión/autorización de aproveitamento de augas e de vertido (no caso de non tratarse de fosas estancas), outorgadas pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, coa fin de que ditos servizos sexan executados ó mesmo tempo que a edificación, e unha vez terminadas as obras e solicitada a correspondente Licenza de Primeira Ocupación no caso das vivendas ou a licenza de actividade no caso de outro tipo de uso, poida ser comprobada por parte dos servizos técnicos do Concello antes de proceder á súa emisión, a dispoñibilidade xurídica de tales servizos.

#### SECCION 5ª. NORMAS DE PROTECCIÓN E ADAPTACIÓN AO MEDIOAMBIENTE

##### Artigo 18. Normas de protección e adaptación ao ambiente

As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente.

Preservarase o patrimonio construído tanto polo seu valor arquitectónico e etnolóxico como polo seu valor na fisionomía do territorio histórico, en especial as edificacións ou elementos adxectivos tradicionais tales como fornos, hórreos, muíños, eiras, alpendres, palleiras, lavadoiros, petos, pontes, ou pontellas. As actuacións en solo de núcleo rural tradicional tomarán como referencia as achegas da Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais.

Os edificios, construcións e instalacións deberán responder a solucións construtivas, estéticas e de relación co seu entorno de calidade. Para estes efectos haberá que atermos ao disposto na normativa urbanística nos artigos 43 e 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 78 e 216 do Regulamento da dita lei, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. Así mesmo, no concerninte as redes de telecomunicacións, estarase ó disposto na "Ley 9/2014 del 9 de mayo, General de Telecomunicaciones" e a súa normativa de desenvolvemento.

As construcións de remate da ordenanza de solo de núcleo rural, cando se produza contacto co solo rústico, coidarán especialmente a súa integración no medio; con solucións aquelasadas en canto a muros, medianeiras, cubertas, ou tratamento da vexetación na parcela. Os edificios deberán implantarse no terreo de xeito que se integren na morfoloxía ou topografía, sen realizar grandes transformacións ou alteracións negativas e, polo tanto, cos movementos de terra estritamente precisos para acomodar o edificio e ordenar, se fose o caso, a parcela.

En edificación acaroada conformando rúeiros ou continuos edificadas, coidarase especialmente o tratamento de paredes medianeiras que queden á vista por non estar edificadas o soar lindeiro. Prohíbese expresamente deixar o ladrillo de construción de tabiques á vista, ou calquera outro material que non fose creado como remate final da envolvente dun edificio sen revestir ou pintar. Prohíbese o uso de chapa ondulada sen cubrir, ou deixar o material de illamento á vista.

Preferentemente, as actuacións tomarán coma referencia os criterios achegados pola Guía de cor e materiais de Galicia. Nos núcleos rurais as edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. Para tal fin, de acordo coas condicións xerais as novas construcións, deben integrarse adecuadamente na súa contorna, en canto á posición, tamaño e deseño das edificacións, materiais, cores ou calquera outro trazo salientable propio do núcleo. En particular:

- a) As novas edificacións procurarán evitar a modificación do perfil tradicional do núcleo, buscando unha implantación no terreo semellante á das edificacións tradicionais.
- b) Cando fose necesario un volume superior ao habitual na contorna, procurarase descompoñer a edificación en dous, ou máis, corpos de edificación, axustados ao volume e ás características das construcións da zona.
- c) Outras características, como a xeometría, materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpintaría e outros elementos visibles serán respectuosos e procurarán unha adecuada integración formal coas solucións tradicionais das edificacións existentes.
- d) Quedará garantida a adaptación ambiental das futuras actuacións edificatorias dentro do núcleo rural tradicional e da súa contorna de protección.
- e) Con respecto ós espazos libres das parcelas manterase na medida do posible o seu estado orixinal e a máxima naturalidade (emprego de especies arbóreas autóctonas rexeitando a imaxe de xardín foráneo).

Utilizaranse como elementos da urbanización interior das parcelas pavimentos permeables e discontinuos que se adapten e se integren no entorno, con materiais naturais e axeitados á tipoloxía do núcleo.

f) En canto ó acondicionamento do espazo público estará baseado en criterios de simplicidade e discreción que permitan a incorporación harmoniosa no conxunto, integración na paisaxe, respecto cara os muros e límites tradicionais do viario, salvagarda dos elementos tradicionais característicos mais destacados, etc.

#### SECCION 6ª. NORMAS DE PROTECCIÓN DO VIARIO ESTATAL

##### Artigo 19. Limitacións ós usos

En relación ás limitacións ós usos establecidos para as zonas de protección do viario estatal haberá de estar ó disposto para ditas zonas na Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas e o seu Regulamento Xeral (RX1812/1994, de 2 de setembro).

As dotacións de infraestruturas de servizos, tales coma abastecemento de auga, saneamento, enerxía eléctrica, etc., previstas nos instrumentos de planeamento ubicaranse fóra da zona de dominio público.

Prohíbese calquera tipo de obra de construción, reconstrución ou ampliación (inclusive instalacións aéreas ou soterradas), a excepción das que resulten imprescindibles para a conservación e mantemento das construcións existentes, dende dita liña ata a estrada, segundo establece na Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas, no seu artigo 33 e o Regulamento de Estradas nos artigos 84 a 86.

Así mesmo, teranse en conta as previsións do artigo 86 do Regulamento Xeral sobre coincidencia de zonas, ben debido á proxección dos taludes, ben por superposición das liñas límites de edificación das distintas vías, debendo prevalecer a máis alonxada da estrada.

Prohíbense as parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas estatais.

Será necesario, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, e salvo que se dispoña de acceso alternativo a través de viario de outra titularidade, a obtención de autorización de acceso, que será outorgada pola Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

##### Artigo 20. Condicións de posición dos cerramentos.

Na zona de servidume só se poderán autorizar cerramentos totalmente diáfanos, sobre piquetes sen cimento de fábrica. Os demais tipos só se autorizarán exteriormente á liña límite de edificación.

A reconstrución de cerramentos existentes farase con arranxo ás condicións que se impoñerían se foran de nova construción, salvo as operacións de mera reparación e conservación.

Onde resulte necesario o retranqueo de cerramentos por exixencias derivadas da construción de novas vías, duplicación de calzadas, ensanche da plataforma ou outros motivos de interés público, poderanse repoñer nas mesmas condicións existentes antes da formulación do proxecto de obra, en canto á súa estrutura e distancia á arista exterior da explanación, garantíndose en todo caso que o cerramento sitúase fóra da zona de dominio público e que non resultan mermadas as condicións de visibilidade e seguridade da circulación viaria.

##### Artigo 21. Autorizacións en materia de estradas estatais.

Deberase establecer a necesidade, como requisito previo á obtención de licenzas municipais de edificación, obras menores, parcelacións ou calquera outro tipo de actividade situada nas zonas de protección das estradas estatais, de obter as correspondentes autorizacións en materia de estradas estatais, que serán outorgadas pola Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Prohíbese a instalación de publicidade en calquera lugar visible dende a zona de dominio público da estrada, nos solos non urbanos.

Por outra banda, exceptúanse da exixencia de licenza municipal aquelas obras a realizar nas estradas do Estado, tales coma ensanches de plataforma ou melloras de trazado, obras de conservación, acondicionamentos, camiños agrícolas ou de servizo, reordenación de accesos, instalacións de apoio á vialidade invernal, elementos funcionais das mesmas, etc. en aplicación do artigo 18.1 da Lei 37/2015, de 29 de setembro.

##### Artigo 22. Preceptos relativos ás limitacións de uso derivadas do ruído provocado pola Rede de Estradas do Estado.

Para a execución de obras e instalacións no entorno das estradas estatais establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da

obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básico estatal en materia de ruído ou na

correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

Os anteditos estudos deberán conter os correspondentes mapas de isófonas.

Os medios de protección acústica indicados serán executados con cargo ós promotores das actividades para as que se solicita licenza municipal, previa autorización do órgano competente para a emisión da correspondente autorización sectorial en materia de estradas estatais, podendo ocupar terreos de dominio público das mesmas.

#### **B/- NORMATIVA:**

-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

-Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

-Lei 3/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia

- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas; Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español; Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

-Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes; Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

-Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeneral de Telecomunicacións; Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído; Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro do Ruído; Real Decreto 1367/2007, do 19 de Outubro polo que se desenvolve a Lei do Ruído no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Guntín, 22 de Xullo de 2022.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup> José Gómez Rodríguez.

R. 2137

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

#### **Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 2º trimestre de 2022, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de outubro do 2022, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 21 de xullo do 2022.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 2109

## LUGO

### Anuncio

#### DECRETO Nº 7527/2022 DO 21/07/2022

**Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 5/294 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018).

- Decreto 10294/2021, do 25/11/2021, polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS (subgrupo A1) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

Dito decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 279, do 4 de decembro de 2021, e extracto del no "Diario Oficial de Galicia" número 7, do 12 de xaneiro de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" núm. 23, do 27 de xaneiro de 2022.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 27 de xuño de 2022, ACORDA:

Elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo a relación de probados no proceso selectivo dunha praza de analista de sistemas/aplicacións funcionario de carreira do Concello de Lugo mediante promoción interna (OEP de 2018)

**Don Rafael Otero Otero, con DNI nº \*\*\*8855\*\* Puntuación total:16,525**

O aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

Así mesmo, contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Facer pública a relación do aspirante aprobado no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e de persoal laboral do excmo. concello de Lugo en quenda de promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno Local día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018:

#### **Analista de sistemas/aplicacións:**

**Don Rafael Otero Otero, con DNI nº \*\*\*8855\*\***

**SEGUNDO.-** O opositor aprobado, de conformidade coa base decimo novena das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

a) Fotocopia compulsada do documento que acredite posuír a titulación esixida.

b) Declaración xurada de non estar separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

- c) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.  
d) Dúas fotografías tamaño carné.

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

**TERCEIRO** - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 21 de xullo de 2022.

R. 2110

### **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 8 de xuño de 2022, adoptou entre outros o acordo 9/315 **DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS NA TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA OU NAQUEL CONCELEIRO/A QUE LEGALMENTE A SUBSTITÚA, PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DA APROBACIÓN DAS BASES PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DAS CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2022 E 2023 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA O ANO 2024. EXPTE 2022-C005-000010 E DEMAIS ACTOS DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DESTAS BASES.**

Así mesmo a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 15 de xuño de 2022, adoptou entre outros o acordo 8/336 **DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS NA TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA OU NAQUEL CONCELEIRO/A QUE LEGALMENTE A SUBSTITÚA, PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO BASES PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN E POSTOS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2022 E 2023 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA O ANO 2024. EXPTE 2022-C005-000011 E DEMAIS ACTOS DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DESTAS BASES.**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 20 de xullo de 2022.- A CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Lavarellos Fondo.

R. 2111

### *Anuncio*

**Decreto Nº: 7528/2022 DO 21/07/2022**

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

- Visto acordo 1/805 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 28 de decembro de 2017, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 e no su anexo, figura entre outras, a seguintes prazas:

3 TECNICO/A MEDIO XESTION Subgrupo A2 escala administración xeral quenda de promoción interna

- Visto acordo 9/286 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 8 de xullo de 2020, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza:

1 TECNICO/A MEDIO XESTION Subgrupo A2 escala administración xeral quenda de promoción interna

- Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 10/299 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020)

-Visto Decreto nº 11377/2021 do 22/12/2021 polo que se convoca o proceso selectivo para o acceso en propiedade catro prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020),

-Visto acordo 11/252 da Xunta de Goberno Local do 4-5-2022 de APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (BOP Lugo núm. 110 de 14 de maio de 2022) no que entre outros puntos acórdase:

Deixar sen efecto parcialmente, a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2017 (unha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión) e desistir do proceso selectivo convocado de dunha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión (OEP 2017)

Visto acordo da Xunta de Goberno Local 6/299 en sesión ordinaria do 1-6-2022 de MODIFICACIÓN DO ACORDO 10/299 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 19 DE MAIO DE 2021 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Modificar o Decreto nº 11377/2021 do 22/12/2021 no seu apartado primeiro quedando redactado do seguinte xeito:

“**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade tres prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (DÚAS INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021 e modificadas na sesión ordinaria do 1 de xuño de 2022, que seguidamente se transcriben:

1º.- **OBJECTO.-** É obxecto destas bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionaria/o de carreira, a tres prazas de Técnica/o Media/o de Xestión, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (2 incluídas na OEP 2017 e 1 incluída na OEP 2020) en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES AO CADRO DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018.

As ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 256, do 7 de novembro de 2014 e núm. 39, do 15 de febreiro de 2019.”

**Segundo.-** Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 21 de xullo de 2022.

R. 2112

## XERMADE

*Anuncio***Aprobación definitiva do expediente de transferencia de crédito núm. 2022/TC/03.**

Tendo sido definitivamente aprobados polo Pleno deste Concello o expediente de transferencia de crédito 2022/TC/03 por importe de 12.488,16 euros, por acordo adoptado en sesión celebrada o 9 de xuño de 2022, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuadas as oportunas modificacións, quedando como se detalla:

ESTADO DE GASTOS			
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
A) OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de persoal	517.615,46	505.127,30
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.365.413,77	1.377.901,93
3	Gastos financeiros	1.000,00	1.000,00
4	Transferencias correntes	67.095,33	67.095,33
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	1.149.926,16	1.149.926,16
7	Transferencias de capital	51.600,00	51.600,00
TOTAL GASTOS		3.152.650,72	3.152.650,72

Xermade, 21 de xullo de 2022.-O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2113